

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 26 de xaneiro de 2006 pola que se regulan os carnés de acreditación da inspección en materia agroalimentaria.

O 11 de marzo de 2005 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, que dedica o artigo 54 ao persoal inspector, incluíndo tamén na regulación o persoal dos consellos reguladores das denominacións xeográficas que realice funcións de inspección e control e facultando o conselleiro competente en materia de agricultura para regular o sistema de acreditación deles.

Pola súa banda, a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, recolle no seu artigo 50 as competencias do persoal ao servizo das administracións públicas que exerzan as funcións de inspección e control previstas na citada lei.

Tamén a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, dedica o seu artigo 78 ao persoal inspector, así como á habilitación temporal e non definitiva, para situacións de grave risco sanitario, do persoal ao seu servizo que non teña a condición de funcionario para a realización de funcións inspectoras.

Así, en virtude da competencia que o artigo 34.6º, da Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente, relativa ao exercicio polo conselleiro da potestade regulamentaria nas materias propias da súa consellería, coa presente orde preténdese desenvolver as citadas normas regulando a forma de acreditación do persoal que realiza funcións de inspección en materia de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria e de sanidade e produción vexetal e animal.

Á vista do anterior, procede regular nesta orde os carnés de acreditación da inspección en materia de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria, de sanidade e produción vexetal e animal, e os de habilitación e acreditación do persoal que realiza funcións de inspección e control nas denominacións xeográficas de calidade.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é a regulación dos carnés de acreditación do persoal que realiza funcións de

inspección en materia agroalimentaria que comprende a defensa contra fraudes e da calidade alimentaria e da sanidade e produción vexetal e animal, como medio de identificación nas actuacións inspectoras.

Así mesmo, é obxecto desta orde a habilitación e acreditación do persoal que realiza funcións de inspección e control nas denominacións xeográficas de calidade, tuteladas por esta consellería, e a habilitación e acreditación temporal para a realización de funcións inspectoras en situacións de grave risco sanitario.

Artigo 2º.-Ámbito.

Esta orde será de aplicación a:

-Persoal inspector que con esa consideración conste na relación de postos de traballo da consellería competente en materia de agricultura.

-Funcionarios da antedita consellería que desenvolven funcións de inspección.

-Demais persoal ao servizo da Administración autonómica debidamente habilitado.

-Persoal dos consellos reguladores que realice funcións de inspección e control.

Artigo 3º.-Acreditación da inspección.

1. A acreditación do persoal que realiza funcións de inspección farase mediante carné que será expedido polo director xeral competente na materia. A dirección xeral con funcións en materia de inspección e control levará un rexistro da inspección no cal se inscribirán as persoas que realizan as anteditas funcións e no cal se anotarán as altas e baixas.

2. O formato e o contido dos carnés para o persoal inspector en materia de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria, de sanidade e produción animal e de sanidade e produción vexetal, serán, respectivamente, os recollidos nos anexos I, II e III desta orde.

Artigo 4º.-Habilitación de persoal.

1. A habilitación como inspectores do persoal da consellería para situacións excepcionais farase mediante autorización expedida polo director xeral competente na materia, para o período de tempo en que se estime a duración da situación excepcional, e poderanse renovar mentres persistan tales circunstancias.

2. O formato e o contido dos carnés dos habilitados en materia de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria e de sanidade e produción animal e do persoal habilitado dos consellos reguladores serán,

respectivamente, os recollidos nos anexos IV, V e VI desta orde.

3. As anteditas habilitacións constarán nunha sección específica do rexistro de inspección da dirección xeral que corresponda.

Artigo 5º.-Utilización dos carnés.

1. Os carnés serán documentos persoais e intransferibles.

2. Os carnés do persoal que realiza funcións de inspección en materia de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria, e de sanidade e produción vexetal e animal, serán de duración ilimitada, en canto realicen funcións de inspección. Soamente se renovarán en caso de deterioración, extravío, perda ou roubo, após a correspondente denuncia do persoal posuidor.

3. Os carnés correspondentes ao persoal dos consellos reguladores con funcións de inspección e control ou o persoal habilitado de forma temporal para o exercicio de funcións inspectoras nos distintos ámbitos de actuación desta consellería terán duración limitada que se recollerá no documento, e renovaranse, ademais de polos mesmos motivos sinalados no parágrafo anterior, cando se produza a súa caducidade.

4. No acto dunha inspección, os titulares dos carnés deberán mostralos, xunto co de identidade ou, de ser o caso, o de funcionario, se así llo solicitase o titular ou o encargado da instalación ou explotación inspeccionada.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde e, en particular, a Orde do 1 de outubro de 1998 pola que se crean os carnés de inspectores de sanidade e produción vexetal, sanidade e produción animal e do servizo de defensa da calidade agroalimentaria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral competente en materia de calidade alimentaria e de produción e sanidade animal e vexetal para ditar as resolucións, instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

Modelo carné inspectores de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria

Anverso

Fotografía	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria	Documento persoal e intransferible
	INSPECCIÓN DE DEFENSA CONTRA FRAUDES E DA CALIDADE ALIMENTARIA D./Dª. está autorizado/a para o exercicio das funcións da inspección, pescuda e investigación conforme a Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e demais normativa vixente	
DNI	O DIRECTOR XERAL	
	Asdo.:	

Reverso

No exercicio das súas funcións, o persoal da Administración pública que realiza funcións inspectoras ten a consideración de axente da autoridade e poderá solicitar a colaboración de calquera administración pública, das organizacións profesionais e das organizacións de consumidores. Así mesmo, poderá solicitar a axuda que precise das forzas e corpos de seguridade (Art. 54.1 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega)

ANEXO II

Modelo carné inspectores de sanidade e produción animal

Anverso

Fotografía	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria	Documento persoal e intransferible
	INSPECCIÓN DE SANIDADE E PRODUCCIÓN ANIMAL D./Dª. está autorizado/a para o exercicio das funcións da inspección e investigación en materia de produción e sanidade animal conforme a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e demais normativa vixente.	
DNI	O DIRECTOR XERAL	
	Asdo.:	

Reverso

"O persoal funcionario ao servizo das administracións públicas, no exercicio das funcións inspectoras recollidas nesta lei, terá o carácter de axente da autoridade, podendo solicitar das autoridades competentes e, en xeral, dos que exerzan funcións públicas, incluídas as forzas e corpos de seguridade do Estado ou corpos policiais autonómicos e locais, o concurso, apoio e protección que lle sexan precisos. Os centros directivos correspondentes facilitarán ao persoal inspector aqueles medios de identificación que o acrediten debidamente para o desempeño das súas actuacións." (Art. 78.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal)

ANEXO III

Modelo carné inspectores de sanidade e produción vexetal

Anverso

Fotografía	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria	Documento persoal / personal document Documento persoal / personal document
	INSPECCIÓN DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL D./D^a. está autorizado/a para o exercicio das funcións de inspección e investigación en materia de produción e sanidade vexetal conforme a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e demais normativa vixente.	
DNI	O DIRECTOR XERAL	
	Asdo.:	

Reverso


"O persoal ao servizo das administracións públicas que exerza as funcións de inspección previstas na presente lei terá o carácter de autoridade e poderá:

- Acceder a calquera lugar, instalación ou dependencia, de titularidade pública ou privada. No suposto de entradas domiciliarias requirirase o previo consentimento do titular ou resolución xudicial.
- Obter as mostras mínimas necesarias para o seu exame ou análises máis detallada en centros especializados.
- Exixir a información e a presentación de documentos comprobatorios que regulamentariamente sexa establecida.
- Adoptar as medidas cautelares do artigo 48"
(Art. 50 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal)

ANEXO V

Modelo carné de habilitación temporal para funcións inspectoras en materia de sanidade e produción animal

Anverso

Fotografía	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria	Documento persoal / personal document Documento persoal / personal document
	PERSOAL HABILITADO PARA O EXERCICIO DE FUNCIÓNS INSPECTORAS D./D^a. está autorizado/a para o exercicio das funcións de inspección e investigación en materia de produción e sanidade animal conforme a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e demais normativa vixente.	
	O DIRECTOR XERAL	
	Asdo.:	

Reverso

"O persoal habilitado terá o carácter de axente da autoridade, podendo solicitar das autoridades competentes e, en xeral, dos que exerzan funcións públicas, incluídas as forzas e corpos de seguridade do Estado ou corpos policiais autonómicos e locais, o curso, apoio e protección que lle sexan precisos." *(Art. 78 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal)*

VÁLIDO ATA: _____


O PRESENTE CARNET SERÁ COMPLEMENTADO

CO DNI nº: _____

ANEXO IV

Modelo carné de habilitación temporal para funcións inspectoras en materia de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria

Anverso

Fotografía	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria	Documento persoal / personal document Documento persoal / personal document
	PERSOAL HABILITADO PARA O EXERCICIO DE FUNCIÓNS INSPECTORAS D./D^a. está autorizado/a para o exercicio das funcións de inspección, pescuda e investigación conforme a Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e demais normativa vixente.	
	O DIRECTOR XERAL	
	Asdo.:	

Reverso

No exercicio das súas funcións, o persoal da Administración pública que realiza funcións inspectoras ten a consideración de axente da autoridade e poderá solicitar a colaboración de calquera administración pública, das organizacións profesionais e das organizacións de consumidores. Así mesmo, poderá solicitar a axuda que precise das forzas e corpos de seguridade *(Art. 54.1 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega)*

VÁLIDO ATA: _____


O PRESENTE CARNET SERÁ COMPLEMENTADO

CO DNI nº: _____

ANEXO VI

Modelo carné inspector de Consello Regulador

Anverso

Fotografía	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria	Espazo reservado para logotipo do consello regulador	Documento persoal / personal document Documento persoal / personal document
	D./D^a. está autorizado/a para o exercicio das funcións de inspección e control en relación cos produtos da denominación de calidade, conforme a Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o correspondente regulamento e demais normativa vixente.		
	O DIRECTOR XERAL		
	Asdo.:		

Reverso

No exercicio das súas funcións, o persoal do consello regulador habilitado para realizar funcións inspectoras ten a consideración de axente da autoridade e poderá solicitar a colaboración de calquera administración pública, das organizacións profesionais e das organizacións de consumidores. Así mesmo, poderá solicitar a axuda que precise das forzas e corpos de seguridade *(Art. 54.1 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega)*

VÁLIDO ATA: _____

O PRESENTE CARNET SERÁ COMPLEMENTADO

CO DNI nº: _____

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 17 de xaneiro de 2006 pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da modificación dos estatutos da Mancomunidade de Concellos do Tambre.

A Mancomunidade de Concellos do Tambre tramitou unha modificación dos seus estatutos; esta modificación tramitouse de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 143 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, seguindo os trámites que a continuación se sinalan:

Primeiro.-A proposta de modificación dos estatutos foi aprobada pola Xunta da Mancomunidade de Concellos do Tambre, en sesión celebrada o 11 de abril de 2005.

Segundo.-A modificación dos estatutos foi exposta a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio publicado no BOP nº 92, do 25 de abril de 2005.

Terceiro.-A Deputación Provincial da Coruña, mediante acordo plenario do 28 de abril de 2005, emitiu informe favorable da referida modificación.

Cuarto.-Con data do 24 de maio de 2005, a Dirección Xeral de Administración Local emitiu informe favorable sobre a modificación dos estatutos da Mancomunidade de Concellos do Tambre.

Quinto.-Constan certificacións dos acordos dos concellos de Negreira e A Baña, relativos á aprobación da modificación dos estatutos.

Sexto.-O presidente da mancomunidade remitiu unha copia da modificación dos estatutos para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Por todo isto, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

A publicación dos artigos modificados dos estatutos da Mancomunidade de Concellos do Tambre no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 143.1º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que se recollen como anexo desta orde e que substituirán os anteriores.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Artigo 1º

De acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais

lexislación aplicable, os concellos da Baña e Negreira constitúense en mancomunidade con plena personalidade xurídica para o cumprimento dos fins que se determinan no artigo 10 destes estatutos, conformando os seus termos municipais o ámbito da mancomunidade.

Artigo 5º

1. Na xunta da mancomunidade estarán representados os dous concellos integrantes desta, mediante vogais, nomeados polos plenos, entre os membros das corporacións respectivamente.

2. O número de vogais será de seis, tres por cada concello, sendo un deles o alcalde que terá carácter de vogal nato.

Artigo 10º

1. A mancomunidade terá por obxecto a satisfacción das necesidades e solución de problemas comúns dos dous concellos integrados, a través de procedementos de economía, eficacia e coordinación, creando e sostendo servizos comúns que lles interesan, e especialmente:

-Recollida de lixo.

-Mantemento de iluminación pública.

Artigo 15º

2. Os rexistros xerais dos dous concellos terán carácter oficial para a recepción de documentos dos cales entenda a mancomunidade.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Instrución 1/2006, do 13 de xaneiro, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, de interpretación e aplicación do Real decreto 1853/1993, do 22 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de gas en locais destinados a usos domésticos, colectivos ou comerciais.

O Regulamento de instalacións de gas en locais destinados a usos domésticos, colectivos ou comerciais e as súas instrucións técnicas complementarias (ITC) aprobado polo Real decreto 1853/1993, do 22 de outubro, precisan ser concretados nalgúns dos seus preceptos que, aínda cando se aplican a casos similares, poderían prestarse a diferentes interpretacións.

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, consciente do problema presentado, vén analizando estas cuestións nas reunións que, de forma periódica, mantén coas delegacións provinciais. Como consecuencia de todo isto xorde o seguinte conxunto de medidas orientadas a unificar os criterios de interpretación da antedita norma en toda a comunidade autónoma.